



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CEIP ARMENTEIRA

Vilar s/n 36192 Meis –Pontevedra

Teléfono: **886 15 13 94 / 95** Fax: **886 15 13 96**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiparmenteira/>

ceip.amenteira@edu.xunta.es

PLAN DE ACOLLIDA NO CURSO 2020-2021

CEIP.ARMENTEIRA



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CEIP ARMENTEIRA

Vilar s/n 36192 Meis –Pontevedra

Teléfono: **886 15 13 94 / 95** Fax: **886 15 13 96**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiparmenteira/>

ceip.armenteira@edu.xunta.es

ÍNDICE

- a) Contextualización.
- b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- c) Actuacións de prevención , hixiene e protección.
- d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.



A) CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”. Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado pola directora coas aportacións do profesorado do centro, en base ás instrucións citadas e ao Plan de adaptación do Ceip.Armenteira .

B) NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Seguindo o Plan de adaptación do Ceip.Armenteira achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

- ***USO DE MÁSCARA***

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado de Primaria, que deben ter dúas máscaras, a que traen posta e unha de reposto.No caso de infantil non é obrigatoria pero recomendarase o seu uso en determinados momentos; como son as entradas e saídas, no caso de infantil cunha mascara é suficiente.

- ***ORGANIZACIÓN DO CENTRO***

Os grupos cos que contamos este ano son :

EDUCACIÓN INFANTIL : 11 rapaces

1º e 2º de PRIMARIA : 5 rapaces

3º e 4º de PRIMARIA : 16 rapaces

5º e 6º de PRIMARIA : 12 rapaces.



Cada un destes grupo será considerado un **grupo estable de convivencia**.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre sí pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre sí , obriga a organizar entradas ,saídas e recreos , entre outros moitos aspectos.

IMPORTANTE : Só poden acceder ao recinto escolar, o patio, os acompañantes do alumnado de Educación Infantil pola mañá ,no momento de deixalos na zona que lle corresponde. Os acompañantes de Educación Primaria non poden acceder ao patio nln ao edificio se non é con cita previa.

Tanto nas entradas como nas saídas ,hai que evitar as aglomeracións de persoas .

Por elo só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna. Será fundamental a puntualidade,non se debe chegar demasiado cedo (os que veñan en transporte particular)

En canto a alumno/a entre ou saía, os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco.

- **ENTRADA**

Ás 8:30 a consexe abre a escola.

Arredor das 8:45 chega o primeiro bus,ás 8:50 o segundo e ás 8:55 o terceiro . En canto baixen dos buses os rapaces de primaria accederan ao patio polo portalón grande, e os de infantil pola cancela pequena, e cada un se dirixirá á zona do patio que lle corresponda.

Cada grupo de convivencia terá un lugar asignado no patio no que deberán esperar ata o momento de entrada que faremos de forma escalonada.

En todo momento haberá 2 mestres de garda, cada un vixiando dúas zonas.

Ás 9 :00 horas cada grupo entrará escalonadamente no centro detrás do seu titor ou titora que será o encargado de aplicar xel hidroalcohólico nas mans de cada alumno e alumna.



A orde de entrada será dende os mais pequenos ata os maiores.

Así infantil subirá polas escaleiras centrais, e o 1º ciclo polas escaleiras laterais, seguidos do 2º ciclo que subirá polas escaleiras centrais e 3º ciclo polas laterais; deste xeito evitamos que os rapaces de distinta clase teñan contacto entre eles.

- **SAÍDA**

Para evitar aglomeracións na saída , farémolo de xeito escalonado.

As familias esperarán no exterior do recinto, non no patio, ata onde cada grupo será acompañado polo mestre co que estivera a última hora.

Deste xeito infantil sairá ás 13:50 horas, 1º ciclo ás 13:55, 2º ciclo ás 14:00 horas e 3º ciclo ás 14:05.

Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior.

Antes de saír ,todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel.

Este curso o inicio de curso farase de xeito escalonado , tanto o xoves 10 coma o venres 11 os rapaces ao baixar do bus serán recibidos polo seu titor co que irán á zona que se lle asignou no patio.

- **RECREOS**

Nos recreos manterase o mesmo horario ,pero dividirase o patio en diferentes espazos para cada un dos grupos.

ZONA 1 (Infantil) : Arenero e arredores, incluíndo a parte semicuberta.

ZONA 2 (1º ciclo): Parte verde enfronte do arenero, e pista de cemento.

ZONA 3 (2º ciclo) : Campo de fútbol e parte verde dos arredores.

ZONA 4 (3º ciclo) : Campo de baloncesto e zona verde (antigo areeiro)

En todo momento haberá dous mestres, cada un vixiando dúas zonas.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CEIP ARMENTEIRA

Vilar s/n 36192 Meis –Pontevedra

Teléfono: **886 15 13 94 / 95** Fax: **886 15 13 96**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiparmenteira/>

ceip.amenteira@edu.xunta.es

• **INFANTIL E PERÍODO DE ADAPTACIÓN DE INFANTIL**

A mestra de infantil fará unha reunión o Martes 8 de Setembro ás 13 horas na Biblioteca para informar aos pais os aspectos relativos a esta etapa.

O período de adaptación para o alumando de 3 anos será o seguinte:

- Xoves día 10 virán á escola de 11 a 12 horas (1 hora)

- Venres día 11 virán de 11 a 12:30 (hora e media)

-Do luns 14 ao mércores 16 virán de 10:30 a 12:30 (2 horas)

- O xoves 17 e o venres 18 virán de 10 a 13:00 horas (3 horas)

A partir do 21 de Setembro acudirán á escola en horario normal.

• **REUNIÓN E INICIO DAS CLASES**

Haberá reunións informativas para os pais uns días antes do inicio do curso, para comentarles todas as novidades, relacionadas coa organización e funcionamento deste curso tan atípico.

Reunión infantil : martes 8 de Setembro ás 13 horas.

Reunión 1º ciclo : martes 8 de Setembro ás 13:15 horas.

Reunión 2º ciclo : mércores 9 de Setembro ás 16:00 horas

Reunión 3º ciclo : xoves 10 de Setembro ás 16:00 horas

Este curso as clases comezarán de xeito escalonado :

O xoves 10 empezarán os rapaces de 3 e 4 anos, 1º, 2º e 3º de primaria.

O venres 11 empezarán os rapaces de 5 anos, 4º, 5º e 6º de primaria.

Estes días os rapaces serán recibidos ao baixar do bus polos titores, cos que irán á zona asignada no patio. No caso de infantil nestes primeiros días , os pais/nais dos rapaces de



educación infantil poderán acceder ao patio para deixar aos rapaces.

Nestes primeiros días a mañá adicarase a ensaiar co alumnado as entradas , saídas , zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanzamento social...

Durante todo o mes de Setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparán gran parte da xornada lectiva.

Todo o alumnado traerá posta unha máscara e terá outra de reposto. No caso de infantil non é obrigatoria pero recomendarase o seu uso en determinados momentos; como son as entradas e saídas, no alumnado de infantil cunha máscara é suficiente.

- **ATENCIÓN DIRECCIÓN**

Só se atenderá con cita previa.

Pódese solicitar a través do teléfono 886151394 ou do correo electrónico :ceip.armenteira@edu.xunta.es.

- **TITORÍAS**

Nas reunións de titorías e nas comunicacións por outros motivos coas familias ,priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

En casos moi excepcionais haberá titorías presenciais coas debidas medidas de desinfección.

- **ORIENTACIÓN**

Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atenderá presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CEIP ARMENTEIRA

Vilar s/n 36192 Meis –Pontevedra

Teléfono: **886 15 13 94 / 95** Fax: **886 15 13 96**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiparmenteira/>

ceip.armenteira@edu.xunta.es

- **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

Pendente das decisións da ANPA.

C) ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN ,HIXIENE E PROTECCIÓN

Corresponde ao Concello xestionar, planificar e desenvolver as medidas de limpeza do centro.

Este ano contaremos con dúas persoas para realizar a limpeza na nosa escola:

Conserxe limpadora pola mañá

Ocuparase de abrir a escola, e limpar a media mañá (no recreo) os baños, pasamáns, e pomos de portas, así coma das mesas de educación infantil.

Limpadora (tarde)

Ocuparase da limpeza e desinfección de todas as aulas e zonas de uso común , así coma dos despachos e sala de mestres.

Os baños estarán asignados a cursos, un para infantil, outro para 1º,2º e3º, e outro para 4º,5º e 6º.

Enn todas as aulas haberá un dispensador de xel hidroalcolico,spray desinfectante e panos desbotables para realizar a limpeza correspondente.

O centro contará cunha aula COVID, dotada de todo o material de hixiene e protección necesario: máscaras (por se algun neno a perde ou se lle rompe),luvas, xel hidroalcolico de reposo, termometro de infrarroxos,spray desinfectante e panos desbotables.

- **PREVENCIÓN**

Haberá un compromiso realización autoenquisa clínica diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio, ver papel anexo I)

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CEIP ARMENTEIRA

Vilar s/n 36192 Meis –Pontevedra

Teléfono: **886 15 13 94 / 95** Fax: **886 15 13 96**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiparmenteira/>

ceip.armenteira@edu.xunta.es

síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

O uso de máscara é obrigatorio para todos os maiores de 6 anos.

Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as máns con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidro alcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: cómo poñelas e quitalas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (canto é 1 metro e medio)



D) ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL, OU DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

No mes de marzo a interrupción abrupta das clases presenciais supuxo poñer en marcha en moi pouco tempo toda a maquinaria da aula virtual e a formación básica de usuarios. Aínda que o resultado foi máis que digno, grazas ao esforzo de profesorado e familias, é necesario comezar o curso 20/21 cunha serie de accións que faciliten e emprego deste recurso, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non.

Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, o alumnado

tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- **Acceso á aula virtual** (de infantil a 4º de primaria) e a **EVA** – Edixgal (5º e 6º de primaria).
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual (infantil a 4º) e da plataforma EVA (5º e 6º)

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- **Aplicación Abalarmóbil**, dende a que poden recibir mensaxes do centro ou profesorado.
- **Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de ramiés. A dirección empregada será a corporativa:
ceip.armenteira@edu.xunta.es
- **Facebook** da escola, canle unidireccional para recibir información:
<https://www.facebook.com/ceip.armenteira.9/>
- **Teléfono**: comunicación directa 886151394 e 886151395



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CEIP ARMENTEIRA

Vilar s/n 36192 Meis –Pontevedra

Teléfono: **886 15 13 94 / 95** Fax: **886 15 13 96**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiparmenteira/>

ceip.armenteira@edu.xunta.es

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

E) ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a **socializar con distancia**, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contagiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiala e coidala emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo nin rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CEIP ARMENTEIRA

Vilar s/n 36192 Meis –Pontevedra

Teléfono: **886 15 13 94 / 95** Fax: **886 15 13 96**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiparmenteira/>

ceip.armenteira@edu.xunta.es

•Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.

•A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

Dende o claustro tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez reunidos no mes de Setembro.

ANEXO I. ENQUIA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		